



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA

www.sghn.org

pontevedra@sghn.org

Co fin de promover o coñecemento da natureza galega entre os escolares, e baixo os principios fundadores da Sociedade Galega de Historia Natural: “Estudar, divulgar e defender o patrimonio natural galego” a delegación de Pontevedra da SGHN convoca o I Concurso Escolar de Debuxo “Calendario da natureza”, que se rexe polas seguintes

BASES:

1. Poderán participar todos os alumnos que cursen 5º ou 6º de Ensino Primario durante o curso 2014-2015 na provincia de Pontevedra.
2. Para poder participar no concurso cada neno ou nena deberá presentar un debuxo de cada categoría que desexe, podendo optar a todas as categorías. Os debuxos deben ser orixinais e feitos con técnicas e materiais de libre elección sempre que non dificulten o tratamento informático da obra. Os traballos presentaranse nunha folla de papel tamaño DIN A4 apaisada.
3. Establécense catro primeiros premios correspondentes ás catro categorías de participación.

Categoría “Primavera”: O debuxo reflectirá a primavera nun ecosistema galego de auga doce.

Categoría “Verán”: O debuxo reflectirá o verán nun ecosistema galego de costa.

Categoría “Outono”: O debuxo reflectirá o outono nun ecosistema galego de bosque caducifolio.

Categoría “Inverno”: O debuxo reflectirá o inverno nun ecosistema galego de montaña.

Valorarase especialmente a correcta inclusión dos elementos representantes da paisaxe, flora e fauna propias de Galicia en cada ecosistema e estación.

4. O alumnado gañador de cada categoría recibirá un diploma acreditativo e un lote de iniciación á observación de campo: mochila, gorra, caderno de campo, lupa e pin SGHN de solapa.

A mestra ou mestre coordinador da actividade do alumnado premiado recibirá un pin de solapa da SGHN. Os centros escolares do alumnado premiado recibirán un lote de publicacións da SGHN para a biblioteca escolar e un diploma acreditativo.

5. Os traballos premiados pasarán a formar parte dun calendario dixital que será posto á libre disposición do público na páxina web da SGHN e na páxina de facebook de SGHN Pontevedra.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Pontevedra

Apartado de Correos nº 303 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA

www.sghn.org

pontevedra@sghn.org

6. Os traballos candidatos a premio faranse chegar, antes do 28 de novembro de 2014, ó seguinte enderezo: Sociedade Galega de Historia Natural. Delegación de Pontevedra. Apartado de correos 303; 36600 Vilagarcía de Arousa. Pontevedra.
7. Para a correcta identificación dos traballos, os debuxos deberán levar por detrás escritos con claridade: A categoría á que optan, o nome, apelidos e curso do participante, nome e apelidos da mestra ou mestre coordinador, así como os seguintes datos do centro escolar: denominación, concello e correo electrónico. Non se admitirán traballos franqueados despois do 28 de novembro de 2014.
8. O xurado estará formado por naturalistas do mundo da bioloxía e a divulgación científica da natureza e presidido polo delegado da SGHN en Pontevedra.
9. O fallo darase a coñecer antes do 22 de decembro. Comunicarase por correo electrónico aos centros premiados e a continuación no facebook SGHNPontevedra e na páxina www.sghn.org
10. A participación no concurso conleva a autorización expresa para a difusión pública dos traballos presentados coa única intención de dar a coñecer os valores da natureza galega.
11. Os traballos presentados pasarán a ser propiedade da Sociedade Galega de Historia Natural, quen os empregará para a súa exposición ou outros fins que considere axeitados para a promoción dos valores da natureza galega.
12. Os premios faranse chegar aos centros educativos nas primeiras semanas de 2015.
13. A participación no concurso implica a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, así como do criterio dos organizadores na resolución de calquera cuestión non prevista nestas bases.
14. En cumprimento da L.O. 15/99 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal e da LSSI, os datos de carácter persoal que nos faciliten serán recollidos e incorporados a un ficheiro, do cal é responsable SGHN, co único fin de xestionar o presente concurso. Pasado un ano, tódolos rexistros de datos serán eliminados. Mantense en todo momento os dereitos de acceso, oposición, cancelación y rectificación dos datos recollidos mediante comunicación por escrito a: SGHN, apartado de correos nº 303; VILAGARCÍA DE AROUSA 36600 ou pontevedra@sghn.org ou nas formas que marca a Lei ó mesmo enderezo.